

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**DO DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2007**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a corporación municipal en pleno, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2007.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PsdeG-PSOE, solicita que se modifique a primeira alínea da páxina 45, pois onde di “Nunha situación parecida a esta, durante ....” debe dicir “Engade que, durante ....”.

Solicita tamén que se modifique a cuarta alínea a partir da segunda liña, pois onde di “dalgúns, pois non se discrimina a ninguén. E en canto ás obras mencionadas anteriormente, non se refire a obras legais, senón a obras con presunta ...”, debe dicir “dalgúns, e que este goberno non discrimina a ninguén. E en canto aos contratos adxudicados ou propostos polo BNG entre 2005 e 2007, mencionados anteriormente, non se refire a actuacións legais, senón con presunta ...”.

Dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, do PP, solicita que na páxina 29, alínea 3<sup>a</sup>, onde di “Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, ...”, debe dicir “ Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, ...”.

Tamén solicita que se modifique a quinta alínea pois onde di “... responde que ela vai todos os días no autobús e non viu nada”, debe dicir “ ... responde que leva todos os días ao neno á parada do autobús e non viu nada”.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, solicita que se modifique a 3<sup>a</sup> alínea da páxina 39, respecto do manifestado por don José Venancio Salcines, pois non dixo “A mediados de agosto tiveron unha reunión ...”, senón que dixo que “O 23 de agosto tiveron unha reunión ...”.

Don José Venancio Salcines contesta que non entende cal é a diferenza, pero, non obstante, está de acordo coa modificación.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar o borrador correspondente á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2007 coas modificacións propostas por don Francisco Javier Varela Tejedor, dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas e don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

## **2º Expediente de transferencia de crédito n.º 11/2007**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 20 de novembro de 2007 que se transcribe a continuación:

“Vista a necesidade de aumentar o crédito orzamentario en diversas partidas coma pasamos a expoñer, xa que cómpre facer carteos masivos aos veciños para comunicarlles entre outros, o novo número sinxelo da centraliña da Policía, para o que hai que aumentar a partida de publicidade e propaganda, así coma tamén de dotar dun panel de

información municipal que engadir aos xa existentes e de mobiliario, vistas as reorganizacións e novas incorporacións dos últimos tempos.

Tamén cómpre aumentar a partida de actividades culturais, xa que o aumento da demanda destas actividades polos veciños obriga, para a súa execución a incrementar a partida adicada a elas.

O incremento dos prezos dos carburantes xunto co aumento do parque móvil e dos locais municipais (local de Servizos Sociais), fai imprescindible aumentar as partidas de combustible de calefacción e de vehículos.

Tamén é preciso aumentar as despesas de seguros, polo incremento nas primas, e os investimentos en infraestrutura urbana, vistas as pequenas obras que cómpre executar xa que a súa demora só conlevan ineficacia.

Vista a posibilidade de atender os aumentos dos créditos orzamentarios correspondentes aos devanditos gastos, dada a existencia de crédito nas partidas orzamentarias que reducen o seu importe, sen que se produza perturbación dos respectivos servizos co seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria |  | Crédito anterior | Transf. positivas | Transf. negativas | Crédito definitivo |
|-------------------------|--|------------------|-------------------|-------------------|--------------------|
| Código                  | Denominación                           |                  |                   |                   |                    |
| 200.011.310             | Xuros                                  | 230.820,67       |                   | 23.000,00         | 207.820,67         |
| 200.121.22602           | Publicidade e propaganda               | 71.000,00        | 30.000,00         |                   | 101.000,00         |
| 200.121.625             | Mobiliario e equipamento               | 50.000,00        | 50.000,00         |                   | 100.000,00         |
| 400.451.22608           | Actividades culturais                  | 146.871,33       | 45.000,00         |                   | 191.871,33         |
| 403.422.48901           | Axudas comedores escolares             | 61.000,00        |                   | 41.000,00         | 20.000,00          |
| 200.121.22103           | Combustible calefacción                | 16.311,34        | 10.000,00         |                   | 26.311,34          |
| 101.222.22103           | Combustible vehículos                  | 29.000,00        | 10.000,00         |                   | 39.000,00          |
| 200.121.224             | Primas de seguros                      | 89.000,00        | 15.000,00         |                   | 104.000,00         |
| 300.911.450             | Plan Transporte Metropolitano          | 75.475,00        |                   | 25.000,00         | 50.475,00          |
| 100.911.467             | Consorcio As Mariñas                   | 213.113,19       |                   | 141.000,00        | 72.113,19          |
| 300.432.611             | Investimentos en infraestrutura urbana | 759.675,03       | 70.000,00         |                   | 829.675,03         |
|                         | Totais                                 | 1.742.266,56     | 230.000,00        | 230.000,00        | 1.742.266,56       |

Por todo isto, é polo que

PROPOÑO a tramitación, conforme ó disposto no artigo 40 do Real decreto 500/1990, dun expediente de transferencias de crédito por un importe total de 230.000,00 euros.”

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de novembro de 2007, que se transcribe a continuación:

“Rexeitar a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 20 de novembro actual, respecto da tramitación do expediente de transferencia de créditos n.º 11/2007, por un importe total de 230.000,00 €”

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que a posición do seu grupo manifestada na comisión informativa é a de que esta proposta de transferencia de créditos é un engano, faise con trampa, xa que non vai ter virtualidade no 2007 polos trámites que hai que cumprir, exposición ao público, reclamacións, resolver as citadas reclamacións, exposición definitiva, etc., é dicir, estarase xa no exercicio seguinte. Sospeitan que do que se trata é de prorrogar o orzamento e a eles, sen entrar no fondo dalgunha das cuestións, interesariálles saber por que se move ese diñeiro e en que se vai gastar.

Consideran que é bo o diálogo, e cando se está en minoría é imprescindible. Deberíanlles ter reunido para explicalo, ao mellor non a todos, pero si a algúns para ver se se lles daba o seu apoio, aínda que houbera que modificar algo, por iso este pleno vai a rexeitar a proposta, é fraudulenta, non é dialogada nin consensuada, e non é a maneira de actuar, por iso o voto vai ser en contra, e recomendan que, canto antes, traian a debate a proposta do orzamento do vindeiro exercicio, co fin de funcionar cun orzamento adecuado e consensuado e que Cambre non se vexa prexudicado.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, contesta que o único que criticou é que “engana”, e o que intenta enganar aos demais é don Henrique Xabier Iglesias Oviedo. O martes como na comisión non había público tiña un discurso, e agora ten outro.

O martes xa manifestou na comisión informativa, cando xustificou a proposta, que non se poderían pagar determinadas facturas a finais de ano se non se

aprobaba o expediente de modificación de créditos. Non se trata de prorrogar o orzamento, como dixeron que sospeitan, senón que debería saber que se prorrogan as partidas iniciais que había en xaneiro, e non se prorrogan estas, e isto deberíao coñecer pois foi concelleiro con dedicación exclusiva durante algún tempo.

Continúa dicindo que non se trata de enganar a ninguén, e si se ten dialogado, pois fíxose unha nova proposta que se explicará no seu momento.

Conclúe dicindo que o martes explicou na comisión informativa onde fan ir estes gastos, díxose, polo que lle pide que non engane agora ao público asistentes. Di a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que pode estar de acordo ou non coa proposta, pero que non fale de enganos, pois ao mellor quen fala de enganos o que quere é enganar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que as críticas que se fan á proposta non se fan por enganar, quizais sexa ignorancia pero non engano. Xa se verán as palabras recollidas na comisión informativa, non se dixo en que se ía gastar o diñeiro, o único de que se falou foi dun panel informativo que pediu un grupo político, esa era a xustificación da proposta, e viuse na comisión que ese tipo de panel informativo non era o pedido polo grupo político.

En canto ao mailing masivo, sería mellor anulalo e substituílo pola información dos números de teléfono aos veciños, e se se está axustando nas partidas, pois quizais sería mellor axustar os gastos de protocolo.

Conclúe dicindo que o que se fixo é atacar a quen fai unha crítica á proposta, pero non ten razóns de peso para defender esta proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que neste expediente de transferencia de crédito hai cuestións importantes que non están dispostos a rexeitar, como o incremento en actividades culturais, axudas aos comedores escolares.

En canto ao tema do panel electrónico, pregunta onde se vai colocar, e lembra que o que pediu o seu grupo era a instalación de taboleiros de anuncios similares aos que xa están colocados en Pravio e Meixigo.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que dado que hai unha moción, e o obxecto é sometela a declaración de urxencia, se se vota a urxencia xa se debatirá e explicará.

Sometido a votación ordinaria o ditame proposto pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por doce votos a prol, acordou:

Rexeitar a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 20 de novembro actual, respecto da tramitación do expediente de transferencia de créditos n.º 11/2007, por un importe total de 230.000,00 €

### **3º Proposta de apoio á declaración da Torre de Hércules como ben do patrimonio mundial**

Dada conta da proposta conxunta de todos os grupos políticos municipais que compoñen a corporación, de data 23 de novembro de 2007, e que se transcribe literalmente a continuación:

“A Torre de Hércules, o único faro romano que segue en funcionamento no mundo é un sinal de identidade, non só da cidade da Coruña, senón de toda a provincia e de Galicia.

Os méritos arquitectónicos, históricos e medio ambientais do monumento e o seu contorno foron recoñecidos pola Comisión do Patrimonio Histórico, que recentemente decidiu que fose o representante de España na lista indicativa de Bens do Patrimonio Mundial no ano 2008.

É de interese para o noso Concello que se lle outorgue á Torre de Hércules esa consideración, polo que tal recoñecemento vai supor para o desenvolvemento do turismo cultural cara á nosa provincia. E por iso que, de forma conxunta por todos os grupos políticos municipais, propónse ao pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Amosar a satisfacción da Corporación coa designación, pola Comisión do Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na Lista de Bens do Patrimonio Mundial.

2º Apoiar a candidatura da Torre de Hércules ante o Centro do Patrimonio Mundial da UNESCO, tendo en conta os valores históricos e artísticos do monumento, e o seu significado como un dos máis relevantes e representativos da provincia da Coruña.

3º Trasladar este acordo ao Concello da Coruña para que o inclúa no expediente de apoio á candidatura.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de novembro de 2007.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a proposta de referencia, tal e como foi transcrita.

#### **4º Proposta de modificación horaria na dedicación parcial do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes**

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 22 de novembro de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de novembro de 2007.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, votan en contra os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por sete votos a prol, acordou:

Aceptar a solicitude de modificación horaria na dedicación parcial do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes, don Jaime Manuel

López Lisnier, mantendo a dedicación mínima de 20 horas semanais, coa seguinte distribución horaria:

- Luns: de 19.00 a 21.00 horas
- Martes a venres: de 17.00 a 21.30 horas

**5º Coñecemento das Resolucións de Alcaldía de datas 12 e 13 de novembro de 2007 de modificación da organización e estrutura da administración municipal e de avocación de competencias**

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación, das seguintes resolucións de Alcaldía:

- Resolución de Alcaldía n.º 1860 de 12 de novembro de 2007, do seguinte teor literal:

“Por Resolución desta Alcaldía n.º 1087 de 9 de xullo de 2007, en uso das atribucións conferidas ao alcalde polo artigo 21 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en canto á dirección do goberno e administración municipal, creáronse sete áreas de goberno coa denominación e adscrición de materias que constan na citada resolución.

Por Resolución n.º 1347 de 20 de agosto de 2007 incluíuse dentro da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, a materia relativa a sanidade e saúde pública.

Despois do tempo transcorrido, considérase necesario levar a cabo unha redistribución de materias, polo que, en uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 44.1 a) do Regulamento orgánico municipal, resolvo:

**Primeiro:** Modificar a Resolución de Alcaldía n.º 1087 de 9 de xullo de 2007, de creación das áreas de goberno municipais e adscrición de materias co fin de incluír, dentro do ámbito material da Área de Alcaldía, a materia relativa á participación cidadá, incluída anteriormente na Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá.



Segundo: A denominación das áreas e os servizos e actividades municipais que se integrarán nas citadas áreas serán os relativos ás seguintes materias:

#### ÁREA DE ALCALDÍA

- Xestión do urbanismo e elaboración do Plan Xeral de Ordenación urbana
- Relacións institucionais e sinatura de convenios
- Seguridade cidadá e protección civil
- Actividades clasificadas
- Promover e dinamizar os espazos de participación social
- Promoción do tecido asociativo
- Competencias non atribuídas expresamente a outras áreas

#### ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

- Prestación de servizos sociais e en concreto:
  - Integración e apoio á convivencia
  - Atención á infancia e familias en risco
  - Garderías infantís
  - Orientación e mediación intercultural social
  - Atención primaria
  - Axuda a domicilio
  - Teleasistencia
  - Atención aos maiores
  - Centros ocupacionais
  - Persoas con dependencia
  - Servizo de información e primeira acollida
  - Centros de servizos sociais
  - Estimular e promover a participación da muller á vida social
  - Políticas de igualdade
  - Programas específicos discapacitados
  - Voluntariado social
- Sanidade e saúde pública

Terceiro: Notifíquese á concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, e dease conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Resolución de Alcaldía n.º 1863 de 13 de novembro de 2007, do seguinte teor literal:

“Por Resolución desta Alcaldía n.º 1092 de 10 de xullo de 2007, en uso das atribucións conferidas ao alcalde polos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, conferín as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, tendo en conta as áreas creadas e os servizos e actividades municipais adscritas ás citadas áreas en Resolución de Alcaldía n.º 1087 de 9 de xullo de 2007.

Segundo consta na alínea primeira da citada resolución, a 4ª tenente de alcalde, dona Carmen Tato Lago, ostenta a delegación da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá.

Por Resolución de Alcaldía n.º 1347 de 20 de agosto de 2007, modificouse a Resolución de Alcaldía n.º 1087 de 9 de xullo de 2007 de creación das áreas de goberno municipais e adscrición de materias, co fin de incluír, dentro do ámbito material da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá a materia relativa á sanidade e saúde pública.

Por Resolución de Alcaldía n.º 1860 de 12 de novembro actual, considerouse necesario levar a cabo unha redistribución de materias, polo que, en uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 44.1 a) do Regulamento orgánico municipal, modificouse a Resolución de Alcaldía n.º 1087 de 9 de xullo de 2007 de creación das áreas de goberno municipais e adscrición de materias, co fin de incluír, dentro do ámbito material da Área de Alcaldía, a materia relativa á participación cidadá, incluída anteriormente na Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá.

Como consecuencia das modificacións levadas a cabo pola adscrición de materias ás diferentes áreas, e de conformidade co establecido no artigo 14 de Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, e artigos 50.3 e 51 do Regulamento orgánico municipal, respecto da avocación de asuntos e modificación de delegacións, resolvo:

Primeiro: Avocar a materia relativa á participación cidadá delegada na 4ª tenente de alcalde dona Carmen Tato Lago, segundo a Resolución n.º 1092 de 10 de xullo de 2007.

Segundo: Modificar a Resolución n.º 1092 de 10 de xullo de 2007, de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local, en canto á alínea primeira da parte dispositiva e, para tal efecto, conferir á 4ª tenente de alcalde, dona Carmen Tato Lago, a delegación xenérica da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na resolución desta Alcaldía n.º 1860 de 12 de novembro de 2007, quedando adscritos á Alcaldía os servizos e actividades relativos ás materias recollidas dentro da denominada Área de Alcaldía segundo consta na citada Resolución n.º 1860, e manténdose a alínea segunda da parte dispositiva nos mesmos termos.

Terceiro: A teor do establecido no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal, publíquese este decreto no Boletín Oficial da Provincia, comuníquese ao pleno na vindeira sesión que teña lugar, e notifíquese persoalmente á concelleira delegada, tendo en conta que a modificación será efectiva dende o momento da notificación persoal.”

### **6º Proposta para iniciar os trámites de aprobación do escudo e bandeira municipais do Concello de Cambre**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 8 de novembro de 2007.

Visto o informe emitido pola secretaria da corporación de data 26 de novembro de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 27 de novembro de 2007.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Solicitar da Comisión de Heráldica a incoación de expediente para elaborar as propostas de aprobación do escudo heráldico e bandeira municipais do Concello de Cambre, isto a teor do establecido no art. 260.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

#### **7º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2008**

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao n.º 10 132 o día 13 de setembro de 2007, respecto da elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2008.

Vista a memoria do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 22 de novembro actual.

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 23 de novembro do ano que andamos.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 27 de novembro de 2007.

Aberto debate, don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, expón que o seu grupo mantén o voto de abstención. Non poden votar en contra pois é unha proposta boa para os veciños de Cambre e, ademais, non se pode perder a subvención, pero motivan a súa abstención en que hai un goberno en minoría e sería bo que toas estas propostas sexan consensuadas na Xunta de Voceiros por todos os grupos que compoñen a corporación, e cantos máis grupos estean de acordo, mellor. Por iso, conclúe, parécelles ben a proposta e tampouco queren que se perda a subvención, pero manteñen a abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vota a prol, pois trátase de obras que son necesarias. En canto a Pravio, é unha das parroquias de Cambre onde menos investimentos se fixeron nos últimos catro anos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que lles sorprende que, tendo tantas necesidades e proxectos por executar, ningún responsable do goberno municipal, nin a concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos nin o alcalde, expliquen por que escollen estas obras e non outras. Non din cales son os criterios, outra cousa é que os demais poidan estar de acordo ou non.

Ademais, engade, dende o 13 de setembro que chegou a comunicación da Deputación, e dado que este punto é algo rutinario de todos os anos, cren que houbo tempo para establecer un pequeno diálogo e así, entre todos, sacar as prioridades que consideran oportunas. Ven que non se dialogou con ningún grupo, e mañá ten que estar o acordo na Deputación, polo que a proposta que se formula é como a espada de Damocles, pois aínda que se decidira que as prioridades de gasto eran outras, non se pode facer nada. Consideran que arriscarse a que unha corporación rexeite unha proposta é dunha osadía e prepotencia extraordinaria, pois están sometendo a un risco moi elevado os intereses de Cambre.

Por outro lado, segue dicindo, o martes non estaban os informes urbanísticos. Agora sí, e fan referencia a que hai que levar a cabo uns trámites para conseguir as autorizacións da Xunta, a Deputación e, en cambio, hoxe van tomar a decisión prevista na alínea cuarta dos acordos propostos respecto de que se declara que se teñen resoltos os trámites relacionados coas autorizacións, polo que estará raiando a corporación en declaracións non correctas, así pois, censuran a maneira de actuar do Sr. alcalde.

Conclúe que o seu voto non vai ser negativo pois non se poden arriscar a perder a subvención, pero o seu grupo tería preferido propoñer obras de seguridade viaria ao mellor na mesma zona.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que non se manifestou na comisión informativa sobre este punto pois non vira os proxectos, pero abstense con base nas mesmas cuestións que foron expresadas por outros compañeiros, falta de información e de diálogo, etc., ademais, as obras previstas son necesarias, pero habería outras.

A continuación toma a palabra o Sr. alcalde que contesta que non se vai raiar a legalidade, vaise favorecer aos veciños de Pravio, Pousadoira, etc., aínda que é certo que hai máis obras, estas hai anos que foron demandadas polos veciños.

Conclúe pedindo desculpas por non ter dialogado antes, pero tamén é certo que estes proxectos xa viñan de atrás.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2008 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2008, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

| Denominación da obra  | Estado+Deputación | Concello  | Orzamento  |
|---|-------------------|-----------|------------|
| Saneamento en Pombo-Cobelo-Fabás (Pravio) Cambre  | 240.796,60        | 19.201,03 | 259.997,63 |
| Saneamento e abastecemento en San Paio e renovación de firme en San Paio, Pousadoira e outros | 125.029,18        | 9.969,78  | 134.998,96 |
| Totais:   | 365.825,78        | 29.170,81 | 394.996,59 |

Segundo: Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2008 e que se relacionan no punto anterior.

Terceiro: Aprobar o Plan complementario do ano 2008 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:

| Denominación da obra  | Orzamento        |
|---|------------------|
| Renovación rede de abastecemento, saneamento e reposición firme en Meixigo. Cambre 2008 | 142.994,07 euros |

Cuarto: Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2008 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2008.

Sexto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

### **8º Proposta de designación dunha praza co nome do Doctor Enrique Piñeiro Rodríguez**

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 16 de novembro de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 27 de novembro de 2007.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Dar de alta no roteiro a praza Doutor Enrique Piñeiro Rodríguez dentro da entidade colectiva Santa María de Cambre, correspondente ao distrito primeiro sección quinta.

Segundo: Comunicar a citada variación do roteiro ás administracións interesadas.

### **9º Mocións.**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

#### **A) Moción conxunta dos grupos políticos municipais que compoñen a Corporación.**

Dada conta da moción de referencia de data 29 de novembro actual, do seguinte teor literal:

“Con data 12 de novembro de 2007 rexistrouse de entrada co número 12 812 un escrito remitido polo presidente do club de fútbol ‘Once Caballeros’ no que, tendo en conta as bases reguladoras da segunda fase do plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 aprobadas polo pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión de 26 de outubro de 2007 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia o 31 de outubro de 2007, solicita o inicio dos trámites e xestións necesarias para que o campo de fútbol propiedade do concello situado na Barcala sexa incluído dentro do devandito Plan e, polo tanto, solicitan que desde o concello de Cambre se inicien os trámites e xestións necesarias, para que o devandito campo sexa incluído neste plan e se realicen os investimentos necesarios co fin de darlle as mellores condicións de utilización posible.

Así pois, a medio do presente, propoño á corporación a adopción do seguinte acordo:

Participar na segunda fase do plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña aceptando as bases publicadas, e incluír dentro do devandito plan a obra campo de fútbol municipal de herba artificial de A Barcala.”

Aberto debate, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que cre que o Once Caballeros presentou un escrito, e o punto máis importante coincide coa moción, e pide que cando a Xunta de Galicia convoque subvencións coa mesma finalidade, que o concello se acolla a elas.



Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que están de acordo, pois se recolle na moción un dos aspectos que se trataron hai uns días nun encontro coa directiva do Once Caballeros.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que é certo que na reunión co Once Caballeros se trataron varios puntos. Un é este e outro que a obra do peche perimetral estivese terminada antes do un de xaneiro de 2008. O compromiso que se adoptou neste tema é que a empresa está a traballar, agora ben, non sabe se as obras estarán terminadas para o 1 ou o 8 de xaneiro.

Sometida a moción a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde concede a palabra ao concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, quen motiva a declaración de urxencia dunha moción que presenta ao pleno relativa a un proxecto denominado “Concellum” aprobado conxuntamente polos Concellos de Abegondo, Bergondo, Cambre e Carral, por un importe de 298,920,40 € (IVE incluído), para o que se solicitou unha subvención á Xunta de Galicia.

Expón que os obxectivos do proxecto son, en resumo,

a) Obxectivos xerais:

- Dotar aos concellos participantes dunha verdadeira sede virtual cos seguintes elementos:

- portal municipal cun deseño claro, accesible e usable baseado nun xestor de contidos en ambiente aberto e orientado ás necesidades da administración local
- rexistro telemático de Entrada/Saída (actores: cidadanía en xeral, empresas, empregados municipais, outras AAPP)

- servizo de validación de usuarios e documentos mediante a plataforma @firma (dni e cert. FNMT)
- integración coa plataforma de pago de Red.es
- definición e implantación dun servizo de TvoIP municipal integrado co xestor de contidos
- ferramentas de participación cidadá: web 2.0 (foros, blogs, redes sociais, etc).

b) Creación dunha comunidade de usuarios, inicialmente cos concellos participantes, beneficiaria de accións de soporte técnico, formación e difusión.

Engade que o custo é cero para o concello, pois a Xunta concedeu unha subvención de 17.576,50 € para o 2007 e de 158.188,46 € para o 2008, o resto porase pola Deputación Provincial.

Conclúe que a urxencia ven motivada porque o 10% do proxecto deberá estar executado antes do 15 de decembro de 2007.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acorda declarar a urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior.

**B) Moción do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior respecto do “Proxecto Concellum”**

Dada conta da moción de referencia de data 29 de novembro de 2007 que literalmente se transcribe a continuación:

“No DOG n.º 187 do 26 de setembro de 2007, publicouse a Orde de 18 de setembro de 2007, da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas ás entidades locais, encamiñadas ao desenvolvemento na Comunidade Autónoma Galega de Cidades Dixitais 2007-2010, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da

información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria (código procedemento IN516A).

Despois de diversas reunións mantidas entre representantes dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Cambre e Carral, se elaborou polo técnico municipal do Concello de Abegondo, coas contribucións dos responsables técnicos do resto dos concellos, un proxecto denominado “Concellum”, cun orzamento total de 298.920,40 €(IVE incluído).

O citado proxecto pretende ser unha ferramenta de xestión de contidos na Internet e administración electrónica para os Concellos de Abegondo, Bergondo, Cambre e Carral, que se resume:

a) Obxectivos xerais:

- Dotar aos concellos participantes dunha verdadeira sede virtual cos seguintes elementos:

- portal municipal cun deseño claro, accesible e usable baseado nun xestor de contidos en ambiente aberto e orientado ás necesidades da administración local
- rexistro telemático de Entrada/Saída (actores: cidadanía en xeral, empresas, empregados municipais, outras AAPP)
- servizo de validación de usuarios e documentos mediante a plataforma @firma (dni e cert. FNMT)
- integración coa plataforma de pago de Red.es
- definición e implantación dun servizo de TvoIP municipal integrado co xestor de contidos
- ferramentas de participación cidadá: web 2.0 (foros, blogs, redes sociais, etc).

b) Creación dunha comunidade de usuarios, inicialmente cos concellos participantes, beneficiaria de accións de soporte técnico, formación e difusión.

O proxecto foi aprobado polos catro concellos, concretamente polo de Cambre, mediante Resolución n.º 1740 desta Concellería, de data 24 de outubro de 2007, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Concellum” cun orzamento total de 298.920,40 € (IVE incluído), elaborado polo técnico municipal do Concello de Abegondo coas contribucións dos responsables técnicos dos Concellos de Bergondo,

Cambre e Carral.

Segundo: Acollese á citada convocatoria na modalidade *proxecto en cooperación* en agrupación formada polos concellos de Abegondo, Bergondo, Cambre e Carral, aceptando todos os requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro: Tendo en conta as actuacións subvencionables contidas no artigo 2º.2 a) do Anexo I da citada Orde, solicitar unha subvención por importe de 224.190,30 € (IVE incluído), o que supón o 75% do orzamento total do proxecto, repartido segundo as estimacións recollidas no proxecto do seguinte xeito (Abegondo: 70.185,80 € Bergondo: 70.185,80 € Cambre: 88.363,00 € Carral: 70.185,80 €). Estímase un importe maior para o Concello de Cambre pola repercusión do custo do servizo de pago telemático que no resto de concellos Red.es ofrece de forma gratuíta por contar cunha poboación inferior aos 10.000 habitantes.

Cuarto: O Concello de Cambre comprométese a colaborar para acadar os obxectivos do proxecto.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, désígnase ao Concello de Abegondo para que actúe en representación dos concellos, co fin de cumprir as obrigas que como beneficiario lle corresponde á agrupación.

Sexto: O Concello de Abegondo encargárase das contratacións, seguimento e coordinación do proxecto. Con este obxectivo, formalizarase polos Concellos beneficiarios un convenio que será aprobado polo órgano correspondente de cada Concello.”

Con data 26 de outubro de 2007 foi presentada a solicitude ante a Consellería de Innovación e Industria.

Aínda cando non foi publicada a correspondente resolución de concesión no DOG, tívose coñecemento, segundo consta no expediente, de que mediante Resolución de data 12 de novembro de 2007, o conselleiro de Innovación e Industria ditou resolución pola que se conceden as subvencións ás entidades locais para o impulso do desenvolvemento de aplicacións e servizos de administración electrónica, de servizos dixitais dirixidos aos cidadáns e empresas de ámbito local, de formación e de difusión, relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na

Comunidade Autónoma de Galicia a través das Cidades Dixitais 2007-2010, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza.

No punto un da parte dispositiva ordénase a publicación da relación de solicitudes que reúnen todos os requisitos para a súa concesión, relación que se achega como Anexo I- Subvencións concedidas, onde aparece co código de expediente n.º 4038 a subvención concedida **ao Concello de Abegondo en agrupación**, polos seguintes importes:

|                        |              |
|------------------------|--------------|
| - Subvención ano 2007: | 17.576,50 €  |
| - Subvención ano 2008: | 158.188,46 € |
| Total:                 | 175.764,96 € |

o que supón un 58,80 % do importe de execución total do proxecto.

O 10 % do proxecto deberá estar executado antes do 15 de decembro de 2007.

Como xa se fixo constar na Resolución desta Concellería pola que se aprobou o proxecto, a presentación da solicitude fíxose na modalidade de “proxecto en cooperación” e, de conformidade co establecido no art. 8.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, designouse ao Concello de Abegondo para actuar en representación dos concellos, e facultábaselle para encargarse das contratacións, seguimento e coordinación do proxecto.

No art. 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese que “a Administración do Estado, das comunidades autónomas e outras entidades locais poderán delegar nos municipios o exercicio de competencias en materias que afecten aos seus intereses propios, sempre que con iso se mellore a eficacia da xestión pública, .... A disposición ou o acordo de delegación debe determinar o alcance, contido, condicións e duración desta, así como o control que se reserve a administración delegante e os medios persoais, materiais e económicos que esta transfire”.

Por parte desta Concellería considérase que a delegación para contratar, xestionar e executar o proxecto por parte do Concello de Abegondo iría a prol dunha maior eficacia, polo que propono á corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Delegar no Concello de Abegondo a contratación, xestión e execución do “Proxecto Concellum”.

Segundo: O Concello de Cambre non efectuará achega económica ningunha, dado que o Concello de Abegondo financiará o importe non subvencionado, non obstante, o Concello de Cambre comprométese a responder, a partes iguais cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, das obrigas derivadas da subvención concedida pola Consellería de Innovación e Industria ata o importe excutado, iso no suposto de perda da citada subvención.

Terceiro: O Concello de Cambre, por medio dos técnicos municipais competentes na materia, comprométese a prestar a colaboración necesaria para a execución do proxecto e, en especial, de cara ás tarefas de desenvolvemento das aplicacións.

Cuarto: O Concello de Abegondo deberá notificar ao Concello de Cambre a adopción dos acordos ou resolucións que dite no exercicio da delegación, iso sen prexuízo de que se constituía unha comisión formada polos responsables designados polos concellos, a dirección do proxecto e a empresa ou empresas contratistas para os efectos de seguimento e informe das xestións que se leven a cabo ata a execución total do proxecto. A citada comisión deberá reunirse, cando menos, unha vez ao mes.

Quinto: A delegación enténdese conferida ata a execución total do proxecto, agás perda da subvención, en cuxo caso, se estará ao acordado na alínea segunda.”

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que o seu grupo está a prol da proposta, pois parécelles ben a liña de colaboración intermunicipal e, ademais, abórdase unha necesidade, que é poñerse ao día nas novas tecnoloxías e que vai favorecer as necesidades de participación cidadá. Non obstante, engade, supón que estas relacións non empezaron onte, teríase falado antes, polo que reclaman un pouco de cortesía pois débúselles informar aos demais grupos políticos na Xunta de Voceiros dicindo que se prevía ou era posible que viñera este tema ao pleno, aínda que non estivera ultimada a redacción dos documentos e por iso non se puidera incluír o punto na orde do día. Cre que se merecen o respecto de estar informados en tempo e forma.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que toma nota e tratarán de facelo ben no futuro.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable, pois é unha proposta boa para os veciños de Cambre, pero cren que puido terse tratado na Xunta de Voceiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que non se pode entregar agora un expediente de 40 folios, porque non se poden mirar. Non obstante, consideran que quedou explicado e é bo para Cambre pois mellorará a participación cidadá.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM(PG), manifesta que está de acordo coa proposta pero hai que repetir o mesmo que antes, non se pode chegar agora, xusto á hora do pleno e presentar o tema a votación, pois a el no pasado pleno se lle rexeitaron uns rogos e preguntas que presentara fóra de prazo e se para uns se fan as cousas dunha maneira para os demais tamén.

Sometida a moción a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, cúmplase pois coa maioría absoluta esixida polo art. 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Delegar no Concello de Abegondo a contratación, xestión e execución do “Proxecto Concellum”.

Segundo: O Concello de Cambre non efectuará achega económica ningunha, dado que o Concello de Abegondo financiará o importe non subvencionado, non obstante, o Concello de Cambre comprométese a responder, a partes iguais cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, das obrigas derivadas da subvención concedida pola Consellería de Innovación e Industria ata o importe excutado, iso no suposto de perda da citada subvención.

Terceiro: O Concello de Cambre, por medio dos técnicos municipais competentes na materia, comprométese a prestar a colaboración necesaria para a execución do proxecto e, en especial, de cara ás tarefas de desenvolvemento das aplicacións.

Cuarto: O Concello de Abegondo deberá notificar ao Concello de Cambre a adopción dos acordos ou resolucións que dite no exercicio da delegación, iso sen prexuízo

de que se constituía unha comisión formada polos responsables designados polos concellos, a dirección do proxecto e a empresa ou empresas contratistas para os efectos de seguimento e informe das xestións que se leven a cabo ata a execución total do proxecto. A citada comisión deberá reunirse, cando menos, unha vez ao mes.

Quinto: A delegación enténdese conferida ata a execución total do proxecto, agás perda da subvención, en cuxo caso, se estará ao acordado na alínea segunda.

A continuación, o Sr. alcalde concede a palabra ao concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego quen manifesta que hai uns instantes houbo un voto negativo á proposta inicial de aprobación do expediente de transferencia de crédito n.º 11/2007, por un importe total de 230.000 € polo que considerou relevante elaborar unha moción cunha nova proposta que é máis axustada ao que é o sentir deste pleno, proposta que recolle as opinións que foron transmitidas polos diferentes grupos municipais nas comisións informativas.

Segue dicindo que unha transferencia de crédito ten por obxecto dotar de crédito a partidas que quedan escasas, de tal xeito que as longas alimentan ás curtas. Así, a partida relativa á calefacción quedou curta, pois o combustible subiu considerablemente, en cambio, noutras partidas como a relativa aos intereses sobra, porque o concello está menos endebedado e baixaron os intereses, polo que con iso se paga o combustible.

Outra partida que quedou curta é a do mobiliario e equipamento, iso debido ás obras de reforma que se levaron a cabo na entrada do concello e o correspondente equipamento, así como ao mobiliario adquirido para o salón de sesións, polo que se incrementa.

Outra partida que quedou curta é a relativa a actividades culturais, iso debido a que o equipo de goberno deu un novo impulso e gastou máis.

Tamén é necesario fortalecer as partidas relativas ao combustible dos vehículos e investimentos en infraestrutura urbana.

Por outro lado, segue dicindo, houbo unha partida que non obtivo o sentir positivo dos compañeiros da corporación, que é a de publicidade e propaganda, onde se prevía a instalación de paneis cun custo de 29.000 € e 9.000 € para sobres, selos e cartas



para enviar información aos veciños, polo que modifica a proposta en canto á citada partida e en canto á relativa a primas e seguros e, con estas dúas modificacións formula unha nova proposta coa que considera que se achega ao sentir dos compañeiros do pleno, polo que solicita a declaración de urxencia e posterior debate da proposta de transferencia de crédito n.º 12/2007 por importe de 185.000 €

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezaseis votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta requirida nos artigos 99.4 e 115.1 c) do Regulamento orgánico municipal, acorda declarar a urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego.

**C) Moción do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, de aprobación do expediente de transferencia de crédito n.º 12/2007**

Dada conta da moción de referencia de data 29 de novembro de 2007 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, na súa sesión ordinaria de data 27 de novembro ditaminou desfavorablemente a proposta presentada por esta concellería de modificación de créditos por transferencia nº 11/2007, do seguinte teor literal:

*“Vista a necesidade de aumentar o crédito orzamentario en diversas partidas coma pasamos a expoñer, xa que cómpre facer carteos masivos aos veciños para comunicarlles entre outros, o novo número sinxelo da centraliña da Policía, para o que hai que aumentar a partida de publicidade e propaganda, así coma tamén de dotar dun panel de información municipal que engadir aos xa existentes e de mobiliario, vistas as reorganizacións e novas incorporacións dos últimos tempos.*

*Tamén cómpre aumentar a partida de actividades culturais, xa que o aumento da demanda destas actividades polos veciños obriga, para a súa execución a incrementar a partida adicada a elas.*

*O incremento dos prezos dos carburantes xunto co aumento do parque móvil e dos locais municipais (local de Servizos Sociais), fai imprescindible aumentar as partidas de combustible de calefacción e de vehículos.*

*Tamén é preciso aumentar as despesas de seguros, polo incremento nas primas, e os investimentos en infraestrutura urbana, vistas as pequenas obras que cómpre executar xa que a súa demora só conlevan ineficacia.*

*Vista a posibilidade de atender os aumentos dos créditos orzamentarios correspondentes aos devanditos gastos, dada a existencia de crédito nas partidas orzamentarias que reducen o seu importe, sen que se produza perturbación dos respectivos servizos co seguinte detalle:*

| <i>Aplicación orzamentaria</i> |  | <i>Crédito anterior</i> | <i>Transf. positivas</i> | <i>Transf. negativas</i> | <i>Crédito definitivo</i> |
|--------------------------------|--|-------------------------|--------------------------|--------------------------|---------------------------|
| <i>Código</i>                  | <i>Denominación</i>                    |                         |                          |                          |                           |
| 200.011.310                    | Xuros                                  | 230.820,67              |                          | 23.000,00                | 207.820,67                |
| 200.121.22602                  | Publicidade e propaganda               | 71.000,00               | 30.000,00                |                          | 101.000,00                |
| 200.121.625                    | Mobiliario e equipamento               | 50.000,00               | 50.000,00                |                          | 100.000,00                |
| 400.451.22608                  | Actividades culturais                  | 146.871,33              | 45.000,00                |                          | 191.871,33                |
| 403.422.48901                  | Axudas comedores escolares             | 61.000,00               |                          | 41.000,00                | 20.000,00                 |
| 200.121.22103                  | Combustible calefacción                | 16.311,34               | 10.000,00                |                          | 26.311,34                 |
| 101.222.22103                  | Combustible vehículos                  | 29.000,00               | 10.000,00                |                          | 39.000,00                 |
| 200.121.224                    | Primas de seguros                      | 89.000,00               | 15.000,00                |                          | 104.000,00                |
| 300.911.450                    | Plan Transporte Metropolitano          | 75.475,00               |                          | 25.000,00                | 50.475,00                 |
| 100.911.467                    | Consorcio As Mariñas                   | 213.113,19              |                          | 141.000,00               | 72.113,19                 |
| 300.432.611                    | Investimentos en infraestrutura urbana | 759.675,03              | 70.000,00                |                          | 829.675,03                |
|                                | <b>Totais</b>                          | <b>1.742.266,56</b>     | <b>230.000,00</b>        | <b>230.000,00</b>        | <b>1.742.266,56</b>       |

*Por todo isto, é polo que*

*PROPOÑO a tramitación, conforme ó disposto no artigo 40 do Real decreto 500/1990, dun expediente de transferencias de crédito por un importe total de 230.000,00 euros.”*

Considerando dita modificación necesaria para poder atender gastos para os que non existe suficiente consignación no orzamento municipal de 2007 e tendo en conta que para que poida entrar en vigor a modificación proposta ha de seguir as normas sobre

información, reclamacións, recursos e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos municipais, polo que é necesario anuncio no Boletín Oficial da Provincia e exposición ao público por quince días hábiles aos efectos de presentar reclamacións perante o Pleno.

Considerando que a proposta anteriormente formulada pode ser modificada nos seguintes termos:

Eliminación da transferencia positivas ás seguintes partidas “200/121/22602 Publicidade e Propaganda” e “200/121/224 Primas de Seguros” por importe de 30.000 e 15.000 euros respectivamente.

En virtude do exposto anteriormente e por medio da presente fórmulase ao Pleno da Corporación Municipal unha nova proposta de expediente de modificación de crédito por transferencia n.º 12/2007, co seguinte contido:

Vista a necesidade de aumentar o crédito orzamentario en diversas partidas xa que cómpre facer gastos para os que non existe actualmente suficiente crédito no orzamento municipal de 2007. Os motivos desta transferencia son as seguintes: necesidades de novo mobiliario polas reorganizacións e novas incorporacións dos últimos tempos.

Tamén cómpre aumentar a partida de actividades culturais, xa que o aumento da demanda destas actividades polos veciños obriga, para a súa execución a incrementar a partida adicada a elas.

O incremento dos prezos dos carburantes xunto co aumento do parque móvil e dos locais municipais (local de Servizos Sociais), fai imprescindible aumentar as partidas de combustible de calefacción e de vehículos.

Os investimentos en infraestrutura urbana, vistas as pequenas obras que cómpre executar xa que a súa demora só conlevan ineficacia.

Vista a posibilidade de atender os aumentos dos créditos orzamentarios correspondentes aos devanditos gastos, dada a existencia de crédito nas partidas orzamentarias que reducen o seu importe, sen que se produza perturbación dos respectivos servizos co seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria |  | Crédito anterior | Transf. positivas | Transf. negativas | Crédito definitivo |
|-------------------------|--|------------------|-------------------|-------------------|--------------------|
| Código                  | Denominación                           |                  |                   |                   |                    |
| 200.011.310             | Xuros                                  | 230.820,67       |                   | 23.000,00         | 207.820,67         |
| 200.121.625             | Mobiliario e equipamento               | 50.000,00        | 50.000,00         |                   | 100.000,00         |
| 400.451.22608           | Actividades culturais                  | 146.871,33       | 45.000,00         |                   | 191.871,33         |
| 403.422.48901           | Axudas comedores escolares             | 61.000,00        |                   | 41.000,00         | 20.000,00          |
| 200.121.22103           | Combustible calefacción                | 16.311,34        | 10.000,00         |                   | 26.311,34          |
| 101.222.22103           | Combustible vehículos                  | 29.000,00        | 10.000,00         |                   | 39.000,00          |
| 300.911.450             | Plan Transporte Metropolitano          | 75.475,00        |                   | 25.000,00         | 50.475,00          |
| 100.911.467             | Consortio As Mariñas                   | 213.113,19       |                   | 96.000,00         | 72.113,19          |
| 300.432.611             | Investimentos en infraestrutura urbana | 759.675,03       | 70.000,00         |                   | 829.675,03         |
|                         | Totais                                 | 1.742.266,56     | 185.000,00        | 185.000,00        | 1.742.266,56       |

Por todo isto, é polo que

PROPOÑO a tramitación, conforme ó disposto no artigo 40 do Real decreto 500/1990, dun expediente de transferencias de crédito por un importe total de 185.000,00 euros.”

Aberto debate, don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, expón que o PP votou en contra na comisión informativa pois non estaban de acordo coas dúas partidas que agora se modifican na moción presentada, e o voto agora non vai ser favorable, pero vanse abster pois non queren prexudicar a actividade normal do concello, dado que hai que pagar o mobiliario adquirido para o SAC, para o salón de sesións e para a oficina dos grupos municipais, así como hai que pagar as actividades culturais, a calefacción e o combustible dos vehículos, pois queren que a policía patrulle polo municipio e é necesario tamén investir en infraestruturas urbanas. Entenden xusta a eliminación desas partidas e conclúe dicindo que hai que facer oposición, pero sería, coherente. Non obstante, solicita que se pase xa un borrador do orzamento a todos os grupos, e recomenda que, para que non volva pasar isto, o mellor é que, antes de incluír os asuntos na orde do día se intente consensualos cos grupos municipais.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta a súa estrañeza coa presentación da moción sen ter reunido aos grupos municipais, explícalo debidamente e convocar un pleno extraordinario. En lugar disto, optaron por outra fórmula, non saben se a negociación foi pola tarde, pero agora eles atópanse con isto e xa ven que é un método que funciona, e vai ben, pero ten un punto perverso e estraño, como un atraco, ou o colles ou o deixas. Van sacar adiante a

modificación e felicítaos, pois foi un método lexítimo pero non está xustificado debidamente.

Conclúe dicindo que non se sabe a que se vai dedicar cada euro, pero felicítaos por sacar o tema adiante tan habilmente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que xa no pleno de constitución da corporación manifestou, en nome do seu grupo, que apoiarían as propostas que beneficiaran aos veciños de Cambre, viñeran de quen viñeran ditas propostas. Consideran que a moción beneficia aos veciños de Cambre e, por iso, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que lle gustaría que se contara con todos os grupos para falar dos temas. Se consensuaron esta moción co PP, tamén deberían ter feito o mesmo cos demais grupos, pola contra aos demais non se lles di nada, polo que non poden achegar ideas novas. Así pois, non pode apoiar unha cousa sen ter podido dicir nada.

A continuación, concédese a palabra a don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, quen manifesta que a proposta que se presenta conta co voto favorable de EU-IU, co cal debe ser coherente pois falan de beneficiar aos veciños de Cambre. En cambio, respecto do manifestado polo voceiro do BNG, coas palabras de perverso, estraño, etc, e en canto ao manifestado polo Partido Galeguista, non entenden como dúas persoas que facían isto normalmente varias veces ao ano, estando no equipo de goberno, non o consensúan.

Conclúe dicindo que o PP está orgulloso de ter cambiado o voto para beneficiar aos veciños de Cambre.

Don Manuel Marante Gómez contesta que se se lle tivera invitado, ao mellor tiña votado a prol, pero el non sabía nada e non pode apoiar o que non sabía, aínda que tamén manifesta que todo o beneficioso para Cambre vaino apoiar, e pídelles que non saquen cousas doutros anos, pois se non está é porque non lle gustaba algunha cousa do equipo de goberno e se marchou.

Don José Antonio Baamonde replica que aínda que non lle guste, repítelle o mesmo, el votou favorablemente temas similares cando estaba no equipo de goberno, e non dixo nada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non vai contestar a alusións deste tipo.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, en alusión ao manifestado polo voceiro do BNG respecto a onde vai a parar o diñeiro, contéstalle que do que se trata é de fortalecer unhas partidas cando non chega o orzamentado, ao mellor xa o sabe, pero lémbrale que o que se fai é simplemente fortalecer esas partidas.

O Sr. presidente dá por concluído o debate. Expón que lamenta as palabras de perverso, atraco, etc, vertidas durante o debate, e agarda que non se volvan dicir nun pleno. Engade que ninguén se preocupe, pois non se vai pagar nada sen fiscalización previa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU-IU, votan en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego e, para tal efecto, aprobar o expediente de transferencia de créditos n.º 12/2007 por un importe total de 185 000 €

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

**D) Moción presentada polo grupo municipal do PP para a promoción e conmemoración do XXV Certame de pintura de Cambre**

Rexistrada de entrada ao n.º 13 361 o día 24 de novembro actual. Consta do seguinte teor literal:

“Por todos os aquí presentes é coñecido o Certame de pintura que se celebra no noso concello dende hai moitos anos, pero existen unha serie de connotacións e

características que o fan único e que resultan descoñecidas para a maioría dos nosos veciños. Entre estas características podemos salientar as seguintes:

- O Certame de pintura de Cambre é o evento pictórico máis antigo de Galicia, a excepción da Bienal de Pontevedra.
- Non hai ningún concello de menos de 50 000 habitantes que teña un patrimonio pictórico do calado do que dispón o Concello de Cambre.
- É o único certame de pintura que existe en España polo cal pasaron como membros do xurado un elenco de nomes, tanto nacionais como internacionais, de gran renome entre os que podemos destacar:
  1. Antonio López: (Pintor-escultor-gravador) Un dos pintores do realismo español máis cotizados na actualidade.
  2. Schlosser: Escultor. As súas obras expóñense nos mellores museo do mundo..
  3. Martín Chirino: Escultor. Director do Museo de Arte Contemporánea de Canarias.
  4. Directores de museos: Cabe destacar entre outros a:
    - Museo do Prado: D. José María Luzón (antigo director).
    - Museo Guggenheim: D. Miguel López Remiro.
  5. Guy Dacos: Profesor da Universidade de Lieja (Bélgica)
  6. Rafael Canogar: un dos fundadores do “Grupo El Paso” (grupo de pintores de vangarda de principios dos 60).
- De entre os distintos gañadores do Certame de pintura de Cambre podemos, por destacar algúns, os seguintes:
  1. Antonio Murado: Pintor que dispón dun estudio en New York.
  2. Salvador Cidrás: Primeiro pintor galego que expuxo no Museo Reina Sofía de Madrid.

Os anteriormente enunciados son exemplos claros que fan deste certame, un modelo pictórico, único e exemplar para toda a nosa comunidade, que debe de enchernos de orgullo a todos os cambreses, por iso de cara ao XXV aniversario deste certame dende o Partido Popular de Cambre realízase a proposta de realizar un grande esforzo na súa realización colaborando co secretario do certame D. Xosé Cobas Gómez, verdadeiro “alma mater” deste certame dende a súa creación. Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal popular no Concello de Cambre presenta, para o seu debate e aprobación as seguintes

## PROPOSTAS

1.- Efectuar a elaboración dun inventario con todos os cadros que ten o Concello de Cambre destas vinte e catro edicións do certame de pintura, para ter un maior control de todas as obras, que na actualidade se atopan dispersas en distintas dependencias municipais sen ningún control, sen ter coñecemento do verdadeiro valor pictórico que teñen e sen os debidos coidados na súa exposición e/ou almacenaxe.

2.- Lamentablemente, ao carecer o noso concello dun local amplo onde poder realizar unha exposición das obras que participaron nos anteriores certames de pintura, como sería a prometida Casa da Cultura, dende o Partido Popular de Cambre proponse efectuar unha selección das mellores obras coa finalidade de que os nosos veciños coñezan mellor e a fondo todo o noso patrimonio pictórico. Ademais, como iniciativa para dar a coñecer esta obras ería beneficiosa a edición dun catálogo ou guía, que contribúa á promoción, tanto do evento como das obras que nel se presentan. Estudiar a opción de expoñer todas estas obras en sitios tan sinalados como a Fundación Caixa Galicia, Fundación Barrié de la Maza, etc., ademais de estudar a posibilidade de obter beneficios coa cesión desta completa colección de obras para a súa exposición nos distintos lugares mencionados.

3.- Proponer un premio especial extraordinario, consensuado cos distintos grupos municipais nunha comisión informativa ou xunta de voceiros de cara á XXV edición do Certame de pintura de Cambre, reservando unha partida orzamentaria dentro dos orzamentos do ano 2008.

4.- Efectuar unha mención especial a D. Xosé Cobas Gómez (secretario do certame) pola súa dedicación, esforzo e traballo realizado en todas as edicións do certame de pintura sendo o seu verdadeiro propulsor, presentando como proposta o Partido Popular de Cambre que se lle efectúe un recoñecemento público ó gran labor efectuado durante todos estes anos, coincidindo co XXV aniversario do certame.”

Aberto o debate, concédese a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, quen manifesta que se fixo na moción un análise rigoroso do que é o certame de pintura, os logros obtidos, e tamén as deficiencias e carencias, coas que están de acordo. Así pois, votan a prol da moción, e agardan incluír as correspondentes partidas no orzamento do vindeiro exercicio.



Don José Antonio Baamonde pide que a primeira exposición das obras sexa en Cambre.

O Sr. alcalde contesta que o primeiro é buscar un local ben preparado, e logo facer unha selección das mellores obras. En canto a expoñelos noutros lugares, parece que non é fácil, pois hai que dispoñer duns embalaxes especiais, os correspondentes seguros, etc.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, matiza que cando cita a directores de museos, don Miguel López Remiro non foi director. En canto ao que se propón no punto dous das propostas, considera que hai algunha cuestión que vai chocar un pouco cos criterios da persoa que logo se propón homenaxear, e é o relativo á exposición das obras, a facer unha exposición itinerante. Ademais fálase de que sería beneficioso facer un catálogo ou guía, e son dous cousas distintas, polo que pide que as mocións sexan precisas e ben adecuadas.

Don José Antonio Baamonde responde que para outra vez pediralle asesoramento, xa que anteriormente foi concelleiro de Cultura.

Concedida a palabra a don Luis Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que é certo que a proxección exterior do Certame de pintura de Cambre é importante, pero non ten a proxección local que debería. Os veciños de Cambre non conectan con este certame, para o que se gastan 12 000 € en publicidade, 20 000 € en premios, etc. Consideran que habería que empezar polas bases, dicir aos rapaces de Cambre o que é un cadro, facer unha escola-taller. Cren que non se debe investir máis diñeiro no certame.

Conclúe dicindo que coinciden co exposto no punto primeiro da proposta. En canto ao punto segundo, a selección das mellores obras está feita dende o momento en que foron seleccionadas. E en canto a expoñelas, deberían ser todas. Por todo o exposto, non apoian a moción e van votar en contra.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol da moción os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os sete concelleiros do PP, votan en contra os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os catros concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por catorce votos a prol, acordou aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

**E) Moción presentada polo grupo municipal do BNG respecto do recoñecemento á Escola e Banda Sementeira**

Rexistrada de entrada ao n.º 13 451 o día 26 de novembro actual. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 23 de novembro - véspera de Sta. Cecilia-, a Escola e Banda de Música Sementeira, participou no Iº Certame Galego de Bandas Populares, dentro da terceira categoría.

O resultado desta participación non puido ser mellor. Sementeira acadou os dous primeiros premios en disputa na súa categoría: A mellor banda e, a mellor banda intérprete de música galega.

Este resultado non é unha casualidade. E froito do traballo constante e da ilusión de moitas persoas durante moito tempo. Debemos destacar, sen esquecer as orixes que fundamentaron os alicerces sobre os que hoxe traballa Sementeira, o esforzo da dirección da entidade, do Director da Banda e do cadro de mestres e mestras, pero tamén dun alumnado e músicos afeccionados que, sobre todo este último ano, teñen amosado unha capacidade de entrega e de sacrificio fora do común.

Nesta ocasión o recoñecemento chegou en forma de premio. Acadou un agasallo merecido e labrado co traballo. Por iso cremos que un momento especial no que o pobo de Cambre debe sumarse a ese recoñecemento e expresalo da mellor maneira posíbel: manifestándoo oficialmente a través da súa representación democrática.

Neste sentido o GM do BNG propón ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

A corporación municipal de Cambre exprésalle á Escola e Banda de Música Sementeira a súa máis sincera felicitación polo éxito acadado no Iº Certame Galego de

Bandas Populares e, solicita ao seu Presidente e Xunta Directiva, que expresen esta felicitación ao Director da Banda, ao cadro de mestres, aos alumnos e compoñentes da Banda e, como non podía ser menos, ás familias dos rapaces e rapazas que foron imprescindíbeis para acadar este obxectivo.

A corporación municipal manifesta a súa satisfacción por este novo fito acadado por sementeira, poñendo o nome de Cambre nun lugar de honra da Cultura Galega.

A corporación, ademais, amosa a súa intención de que este recoñecemento se exprese de maneira concreta nunha colaboración coa entidade que premie nunha actividade de lecer este bo facer, para o que establecerá conversacións coa Xunta Directiva de Sementeira.”

Aberto debate, concédese a palabra a dona Erundina Prado Arcay, concelleira delegada de Cultura e Turismo, quen manifesta que están completamente de acordo en que a Banda de Música Sementeira deixou alto o pavillón de Cambre no primeiro Certame galego de bandas populares. Segue dicindo que o concello deulle o seu apoio dende o primeiro ano de funcionamento, e están traballando para darlles un maior apoio, de feito, o incremento será máis importante para o vindeiro ano. Están de acordo coa moción.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, felicita ao BNG por ter presentado a moción, e fan extensible a citada felicitación a toda a Escola e Banda de Música Sementeira.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

**F) Moción presentada polo grupo municipal do BNG en relación co 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero**

Rexistrada de entrada ao n.º 13 436 o día 26 de novembro actual. Consta do seguinte teor literal:

“O 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, é unha data para a denuncia, para a concienciación social, e para avaliar os avances que se teñan dado e anticipar novas liñas de actuación.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra este fenómeno. A Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero é un instrumento para unha nova abordaxe desta temática no ámbito galego, co fin de conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade entre mulleres e homes,

A sociedade galega non debería aceptar ningunha forma de violencia de xénero, e as institucións locais teñen que tomar consciencia e responsabilizarse na tarefa de eliminación da violencia exercida contra as mulleres. Tomar consciencia é un paso que hai que dar de modo colectivo, desde o mundo laboral, as institucións, os medios de comunicación, o ensino, etc, mas tamén é un paso que se debe dar de modo persoal e individual.

Para construír unha sociedade baseada nos valores democráticos de igualdade necesitamos de medidas legislativas, pero tamén é necesario o compromiso social. Este compromiso social constrúese desde a solidariedade persoal á hora de condenar sen paliativos as accións de violencia contra as mulleres, de denuncialas e facer visíbeis esas denuncias.

Por iso o BNG quere chamar tamén á responsabilidade e ao compromiso persoal de cadaquén. Os agresores non deben achar respaldo para continuar con “normalidade” a súa vida mentres as mulleres agredidas pasan auténticas dificultades para recuperar as súas. Estas dificultades son moitas e teñen que ver co aspecto económico, laboral, familiar e social.

No momento en que vivimos, onde as mulleres seguen a ser obxecto de maos tratos e moitas perden a vida a mans da súa parella ou ex-parella, non cabe ollar para outro

lado, debemos dar a cara todos e todas, e asumir homes e mulleres que coa violencia de xénero non caben medias tintas.

O papel que teñen os concellos nesta loita común é fundamental, xa que poden actuar como ponte de conexión entre as políticas deseñadas a nivel nacional polo goberno galego e a cidadanía, e poden constituírse nun modelo de repulsa para todos os veciños e veciñas, manifestando a súa total condena e proclamando a súa corresponsabilidade na prevención, persecución e denuncia dos casos de violencia machista, así como a atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

As cifras de denuncias e de mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, poñen de manifesto dunha maneira brutal, que aínda non podemos baixar a garda, e que se fai imprescindible a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas. Sabemos que nos enfrontamos a un problema estrutural, pero este feito non pode converterse nunha escusa para non actuar.

Cómpre pois unha implicación real de todas as administracións no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación.

Unha das medidas fundamentais é apoiar as mulleres para que poidan iniciar unha nova vida en liberdade e protexida dos agresores.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

O Pleno do Concello de Cambre aproba a creación dun fondo de emerxencia, contemplando no orzamento unha partida específica, que sirva para atender os casos de mulleres do noso concello que de maneira urxente necesiten recursos por padecer situacións de violencia de xénero.”

Aberto debate, concédese a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, quen manifesta que o seu grupo está de acordo. Lembra que, cando as inundacións de O Caneiro, xa se propuxo que o concello dispuxera de pisos para estas situacións, e o manifestado na moción é verdade, polo que están de acordo con ela.

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, aclara que as mulleres vítimas da violencia de xénero non teñen que pedir cita para ser atendidas nos Servizos Sociais, son atendidas de xeito directo, e préstaselles axuda coa partida existente para axudas de emerxencia social.

Segue dicindo que tamén existen casos, dentro da violencia doméstica, nos que as vítimas son os homes. É a súa intención que no 2008 se incremente esta partida, dentro da cal se inclúen estes supostos de violencia de xénero, sexan as vítimas homes ou mulleres, é dicir, inclúe a violencia familiar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa dan por sentado que se atenden estes casos, pero coa moción propónse a creación dunha partida específica. Engade que, co exposto pola concelleira, non sabe se se aproba ou se rexeita a moción. Saben que existe a partida, pero piden un fondo específico para este cometido.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, contesta que a aprobación ou rexeitamento da moción maniféstase na votación, e a postura do seu grupo vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

**G) Moción presentada polo grupo municipal de EU-IU respecto da elaboración dun estudo para buscar solucións aos problemas de aparcamento no Graxal**

Rexistrada de entrada ao n.º 13 369 o día 24 de novembro actual. Consta do seguinte teor literal:

“A conxestión do tráfico e falta de lugares para aparcar, está ocasionando un problema importante no noso concello, que cómpre darlle solución de inmediato.

A edificación na parroquia do Temple, sobre todo no Graxal, na costa da Tapia e nas súas inmediacións é, a xuízo do grupo municipal de EU-IU, un dos exemplos máis claros de urbanización incontrolada e salvaxe, que se teña producido na nosa comarca nos últimos anos. En pouco tempo e de forma caótica, xurdiron dúcias de edificios que raramente respondían á planificación establecida, mais que a un único criterio: o da especulación. Como consecuencia, xurdiu un barrio con enormes carencias de infraestruturas e servizos, que con moitas dificultades trátase de darlle solución.

Un dos efectos máis evidentes do problema do Graxal é o do tráfico, e máis concretamente o das prazas de aparcamento, dado que a súa demanda e amplamente superior á actual oferta, así a maioría das edificacións, se concebiron para aproveitar ao máximo o espazo dispoñible, e non se previron espazos de aparcamento ao aire libre e apenas prazas de garaxe nas propias construcións. O resultado son rúas angostas e sobrecapadas continuamente de vehículos, cunha grave carencia de lugares para estacionamento dos residentes e para as persoas que diariamente acoden a facer as súas compras aos establecementos da zona.

O grupo municipal de EU-IU, que xa ten formulado con anterioridade este problema, coida que é chegado o momento de que o concello aborde o estudo das posibles solucións, que poden pasar por diversas fórmulas baseadas tanto na iniciativa pública como na privada, ou as dúas conxuntamente.

#### PROPOSTAS DE ACORDO:

Primeiro.- O pleno municipal insta á Alcaldía a que, de inmediato se encomende aos Servizos Técnicos do concello, a redacción dun estudo relativo ás posibles fórmulas, que poderían establecerse para resolver ou paliar considerablemente o problema da deficiencia de prazas de aparcamento na zona do Graxal, incluíndo os custos estimativos de cada unha delas e, no seu caso, as posibles variables para o seu financiamento.

Segundo.- O documento deberá ser presentado á Comisión Informativa de Urbanismo nun prazo non superior a tres meses a partires do intre de aprobación do presente acordo.”

Aberto debate, o Sr. alcalde manifesta que están de acordo coa moción, e mañá llela pasarán aos técnicos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, tal e como foi transcrita.

### **10º Informes da Alcaldía.**

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución n.º 840 de data 25 de maio de 2007, do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior, da que se transcribe a parte dispositiva a continuación:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2006 que de seguido se sinala:

Resumo da liquidación do orzamento:

| <u>Orzamento de gastos</u> | <u>Euros</u>  |
|----------------------------|---------------|
| Créditos iniciais          | 16.589.832,79 |
| Modificacións              | 3.378.924,57  |
| Créditos definitivos       | 19.968.757,36 |
| Gastos comprometidos       | 14.027.418,84 |



|                                   |               |
|-----------------------------------|---------------|
| Obrigas recoñecidas netas         | 13.198.941,28 |
| Pagos                             | 10.859.861,99 |
| Obrigas pendentes de pago a 31/12 | 2.339.079,29  |
| Remanentes de crédito             | 6.769.816,08  |

| <u>Orzamento de ingresos</u>        | <u>Euros</u>  |
|-------------------------------------|---------------|
| Previsións iniciais                 | 16.589.832,79 |
| Modificacións                       | 3.378.924,57  |
| Previsións definitivas              | 19.968.757,36 |
| Dereitos recoñecidos                | 14.907.744,30 |
| Dereitos anulados                   | 33.511,25     |
| Dereitos cancelados                 | 0,00          |
| Dereitos recoñecidos netos          | 14.874.233,05 |
| Recadación neta                     | 12.857.986,02 |
| Dereitos pendentes de cobro a 31/12 | 2.016.247,03  |
| Exceso / Defecto de previsión       | 5.094.524,31  |

Outros datos resumo:

- deudores pendentes de cobro a 31/12, 2.266.147,57 euros.
- acreedores pendentes de pagamento a 31/12, 1.919.686,43 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.541.306,78 euros.
- remanente de crédito, 6.769.816,08 euros.
- remanente de tesourería total, 3.752.085,59 euros.
- exceso de financiamento afectado, 1.735.181,74 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 1.971.822,80 euros.
- capacidade de financiamento, 1.561.964,06 euros.

Segundo: Comunica-la resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito procedente da Dirección Xeral de Administración Local, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistrado de entrada ao n.º 12 843 o 12 de novembro de 2007, ao que se achega copia da sentenza n.º 663/2004, do 21 de xullo, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio Oficial de Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, e da Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 28 de maio de 2007, pola que se inadmite o recurso de casación n.º 9966/2004, interposto pola Xunta de Galicia contra a referenciada sentenza, así como da Orde do 26 de outubro de 2007 do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se dispón o cumprimento da Sentenza n.º 633/2004, do 21 de xullo.

A citada Orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 214 de 6 de novembro actual, e nela aparece transcrita a parte dispositiva da citada sentenza, que contén o seguinte pronunciamento: “... estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio Oficial de Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional contra o acordo dos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, polo que se aproban definitivamente os estatutos do Consorcio das Mariñas, e contra a Resolución do 18 de xullo de 2000, da Dirección Xeral de Administración Local, que acorda a súa publicación, ...., declaramos a nulidade dos seguintes preceptos dos estatutos: 1) inciso do artigo 14 que permite que o persoal de Secretaría, Intervención e Tesourería sexa adscrito; 2) número 1 do artigo 15 en canto permite que as funcións de secretario, interventor e tesoureiro sexan exercidas respectivamente polos funcionarios das entidades locais que desempeñen en cada momento a presidencia do Consorcio, e 3) número 2 do artigo 15 en canto posibilita que as devanditas funcións sexan exercidas polos designados entre os que exerzan tales funcións nalgunha das entidades consorciadas, e a procedencia da modificación do número 3 en canto prevé que os citados cargos se poden crear e clasificar como propios e independentes, debendo modificarse o contido deles no sentido exposto nos fundamentos da presente resolución; sen facer imposición de custas”.

### **11º Rogos e preguntas.**

#### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 13 446 o 26 de novembro actual.

1º Hai uns días os veciños de Cambre tivemos a ocasión de ler na prensa que para a vindeira apertura dunha farmacia na urbanización da Barcala se estaba única e exclusivamente pendente dos trámites finais e pendente dun informe municipal, é por iso que o grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno que informe en que situación se atopan estes trámites así como a data prevista para a adxudicación da farmacia.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que formularon a correspondente consulta ante a Consellería de Sanidade e está culminando o proceso a falta da fase de baremación dos locais que van ocupar as farmacias. O prazo está sen determinar, pois non poden calcular o prazo no que emitirá o seu informe a Comisión de Baremación.

2º Hai uns meses en sesión plenaria acordouse a creación dunha Comisión de seguimento e control do Plan xeral, despois das primeiras reunións de traballo a comisión non volveu ser convocada; por todo isto o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que lle informe de por que non se reuniu a comisión neste mes sen comunicar nada ao respecto aos distintos integrantes dela.

O Sr. alcalde contesta que foi culpa del non terllo comunicado. O equipo redactor non podía vir este mes. Virán para o día 10 e comezarán a traballar.

3º Hai meses, comunicouse aos concelleiros do grupo municipal popular por parte do equipo de goberno que o pasado día 31 de outubro estarían dando servizo aos nenos do colexio do Temple os barracóns que se ían instalar. Por iso, o grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno cando está previsto que entren en funcionamento.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que o que dixeron foi que a partir do 31 de outubro comezarían a montalos. Están montándoos, e só faltan as conexións á rede de sumidoiros. Tardarase uns 10 ou 15 días máis ou menos.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 13 369 o 24 de novembro actual, xunto coas mocións e as preguntas.

1º O crecemento poboacional de Cambre, a aparición de novas áreas urbanizadas, a existencia dunha importante porcentaxe da poboación que procede doutros concellos, son entre outros, factores que aconsellan unha actuación municipal para facilitar a localización e orientación das rúas, prazas, parroquias e lugares do noso concello.

Por isto:

O grupo municipal de EU-IU, solicita do goberno que faga unha campaña de sinalización dos lugares do concello, conservando a súa toponimia.

Dona María Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que, con base na cantidade que se consigne nos orzamentos do 2008, se encargará o correspondente proxecto, e cre que será bastante elevado.

Dado que o 2º rogo xa foi contestado na Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos que tivo lugar o pasado martes, presenta como rogo a pregunta formulada co número 3 e que se transcribe a continuación:

Co fin de facilitar o traballo a Comisión especial para o Plan de Urbanismo, e ante a falta de documentación no referente á súa redacción, o noso grupo prega ao goberno municipal, se nos facilite documentalmente e mediante fotocopias a seguinte información:

- a) Plan de traballo da empresa redactora
- b) Diagnóstico realizado para a realización do PXOM
- c) Contrato firmado entre a empresa redactora e o concello

O Sr. alcalde contesta que agarda enviárselo o luns por correo.

3º O noso grupo municipal, observa con preocupación que os procesos de urbanización levados a cabo nalgúns zonas do concello, supoñen por unha parte, a reordenación dun espazo urbano, e por outra a eliminación é tala de exemplares arbóreos, destacando algún pola súa lonxevidade, forma, colorido, etc.

Solicitamos do goberno municipal, a posta en marcha dun programa para a recuperación de árbores do concello, que pola súa rareza, escaseza, antigüidade, porte ou magnitude, poidan ser considerados exemplares notables.

Se elabore un catálogo de árbores singulares do termo municipal de Cambre, debidamente ilustrado para ter constancia da súa existencia, e ser equiparable ao resto do patrimonio do concello, para darlle o tratamento de respecto, protección e atención que se merecen.

Ao tempo, se diten normas que impidan a súa tala e desaparición inxustificada.

Dona María Beatriz Ramos Padín contesta que se creará unha partida nos orzamentos do 2008 para encargar a elaboración destes catálogos a expertos na materia.

#### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 13 331 o 23 de novembro actual.

1º Na parroquia de Santa María de Vigo, no contorno da capela de San Roque, existen uns terreos divididos pola estrada de Cambre a Carral que dende antigo son utilizados polos veciños para uso público e comunal (feiras, festas parroquiais, etc.), mesmo o concello instalou neles mobiliario urbano (bancos, farois, etc.). Tras ter coñecemento de que estes terreos están a ser reclamados coma de titularidade privada rogo que se me informe das xestións realizadas, ou que se van realizar, dende o equipo de goberno para garantir os dereitos dos veciños sobre estes terreos.

O Sr. alcalde contesta que non se iniciou nada, están intentando que pasen a ser propiedade municipal, pero ata agora ninguén dixo nada. Están dispostos, incluso, a financiar unha parte se son privados.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que non consta que teña habido reclamación ningunha.

Don Manuel Marante Gómez contesta que os veciños presentaron un escrito, ao que se lles contestou, e dá lectura ao escrito de data 22 de outubro, remitido polo concello aos veciños, onde se fai referencia a un informe emitido polo xefe da Sección de Planeamento e Xestión.

Don Francisco Javier Varela Tejedor volve dicir que non hai ningunha reclamación de propiedade.

O Sr. alcalde engade que eses terreos si teñen propietario, e terán que poñerse en contacto con el, haberá que pagarlle.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non teñen claro este tema, pois revisado o catálogo das Normas Subsidiarias, faise referencia á capela de San Roque en Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, e di que está ao lado dun fermoso espazo público de arboredo. Se no catálogo está como espazo público, é dicir, non é privado, entón non entende nada.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que no escrito remitido polo concello aos veciños dise que o terreo é privado e en cambio, cando o concello colocou mobiliario público e se estivo disfrutando deses terreos, ninguén dixo nada, e todos pensaron que era terreo público. Agora parece que queren pechar a parte da capela que dá ao campo. Cre que o concello debería poñer interese, falar coa persoa que quere pechar e, se iso é posible, reclamar a titularidade.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe dicindo que por agora non hai reclamación ningunha, e o feito de que estea no catastro a nome de alguén tampouco implica que sexa o titular, e se hai dúbidas sobre a titularidade, defenderase.

2º Rogo que se me informe do motivo polo que non se ten instalado a rede de saneamento nos lugares de Mercurín e Gosende prevista no proxecto de saneamento que a Xunta de Galicia si realizou noutros lugares do concello.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que falta a dispoñibilidade dos terreos para situar a depuradora. Era unha obra da Xunta con fondos europeos e non houbo dispoñibilidade de terreos, e antes de que se perdera a subvención empregouse noutros proxectos.

Don Manuel Marante Gómez contesta que cre que están tomando o pelo aos veciños desa zona, pois si había acordo.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que había acordo de todos os veciños pero un se botou atrás o último día. Pediu a colaboración de Marante e resulta que non tiña falado cos veciños, e si en cambio co que se volveu atrás.

Don Manuel Marante responde que aprendeu a mentir rápido. A el mandaron falar cos veciños para a posible instalación da depuradora, e falou con tres veciños, Manuela García, Manuel Barbeito e Carlos Rodríguez Teijeiro, e con algún máis, e en canto ao señor da finca a que se refire, non se volveu atrás, senón que fixo unha proposta por teléfono, e pedíuselle que fixera a oferta por escrito. Di que dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín lle dixo que tiña que darlle a oferta en dous días porque se acababa o prazo.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que a oferta que lle deu era excesiva.

Don Manuel Marante responde que a oferta tiña preparada, e leva a cabo a súa lectura, e conclúe dicindo que o Sr. alcalde, diante del, dixo ao veciño que fixera así a proposta.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que o prezo é abusivo, tendo en conta que o solo era rústico.

3º Segundo as informacións aparecidas en prensa nas pasadas datas, construíuse en Fontenla n.º 20 unha vivenda, en solo rústico e sen os preceptivos permisos, a cal abríuselle un expediente para o seu derrubamento. Rogo se me informe das actuacións seguidas polo concello e se teñen coñecemento de casos similares.

O Sr. alcalde contesta que se trata dunha obra sen licenza, a Xunta acorda agora a demolición, e o concello non ten nada que ver con ese tema.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito.**

Rexistradas de entrada ao núm. 13 445 o 26 de novembro actual.

1ª No pasado pleno do 27 de setembro de 2007 o Partido Popular de Cambre presentou unha moción para solicitar a reparación das humidades, filtracións e rede de sumidoiros das comunidades da rúa Constitución 9, 11 e 13 sen que ata a data se teñan obtido respostas por parte do equipo de goberno, é por iso e ante as novas aparicións de humidades e desbordamento de augas fecais acontecidos nos días pasados, o grupo

municipal popular pregunta que xestións se están a realizar dende a data da presentación da moción para a reparación das mencionadas filtracións e humidades da rede de sumidoiros.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que, como xa se dixo nese pleno, os problemas de pluviais incluíronse no proxecto da praza de Manuel Murguía, e as obras comezarán despois das festas.

2<sup>a</sup> Por parte do equipo de goberno comentáronse a execución de xestións para melloras sanitarias nos centros médicos de Cambre e O Temple, dende o Partido Popular de Cambre pregúntase ao equipo de goberno que informe sobre que melloras se van levar a cabo e en que prazo de tempo.

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, contesta que en ningún momento se puxeron prazos. O pasado mes mantivo unha reunión coa delegada provincial e o 15 de novembro, ás 12:00 da mañá, a delegada provincial do Sergas recibiu ás mulleres que solicitaron a máquina de presoterapia para ter un trato personalizado con elas, e escoitar as súas demandas.

Transmitiúlles que de xeito directo ía estar en contacto con elas e aconselloulles que foran ao centro correspondente a solicitar a drenaxe linfática coa máquina de presoterapia, pois a instalación da máquina e un fisioterapeuta sería moi custoso. Están á espera de recibir a súa cita e está en contacto con elas. Dixo que ela se ía facer cargo persoalmente para que non tivesen que agardar dous anos ou máis.

Respecto ao control do sintrón, cre que se vai poder facer no Temple. Haberá que habilitar un espazo.

Segue dicindo que unha das cousas polas que aposta é pola atención primaria. Recoñecen que o número de habitantes de Cambre necesita un centro de saúde en condicións. Pidiu unha cita coa xerente do Sergas e vainos recibir mañá. Á citada cita vaille acompañar o Sr. alcalde. Conclúe dicindo que agarda que a reunión sexa fructífera e se faga un centro de saúde en condicións.

3<sup>a</sup> No pasado pleno do 30 de agosto de 2007 o Partido Popular de Cambre presentou unha moción do grupo municipal popular para a recuperación do “Camiño do Noceiro” (Meixigo-Cambre), moción que ata a data non tivo resposta por parte do equipo de goberno, por iso o grupo municipal popular pregunta o goberno municipal que xestións se



realizaron ata a data para executar e levar a cabo os acordos acordados na sesión plenaria de agosto, así como o calendario de execución se é que o houbese.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que chegaron tres proposta e está pendente de adxudicarse.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito.**

Registradas de entrada ao n.º 13 435 o 26 de novembro actual.

1<sup>a</sup> En declaracións recollidas os pasados días por un medio de comunicación comarcal, o 1º tenente de alcalde e concelleiro de Presidencia, manifesta que *“La Xunta ha asumido o modelo urbanístico de Cambre”* e que *“Hemos tenido varias reuniones con los grupos políticos para plantearles nuestra idea de plan general para el futuro”*.

Son moitas as preguntas que nos suscitan estas declaracións, pero conformarémonos con que un voceiro autorizado do goberno local nos conteste a unha:

- Cale é o modelo urbanístico de Cambre que a Xunta “asumió”, e cal é o responsable ou órgano autonómico que fixo tal declaración?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que as declaracións fíxoas ao Metropolitano. Tiveron unha reunión na Dirección Xeral de Urbanismo a primeiros de novembro e comentáronlles que o modelo de concello previsto no Plan xeral respondeu a un modelo de concello difuso, producíase unha segregación física, etc. En canto ao modelo que se prevé, é unha simple liña de actuación, e as liñas básicas que se formulan ao equipo redactor do Plan é que vaian a un modelo de concello compacto, cun desenvolvemento sostible medioambientalmente. Trataríase de facer menos pero mellor.

Segue dicindo que esta formulación, en liñas xerais, recibiu o beneplácito da Dirección Xeral de Urbanismo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que coincide cos criterios da Dirección Xeral de Urbanismo, pero cre que foi a Dirección Xeral de Urbanismo a que dixo que por onde ían non era o modelo a seguir, e de criterios de planificación non se falou. Por outro lado, é increíble que sendo o equipo de goberno sete concelleiros de vinte e un, non lles

tiveran adiantado nin as ideas de por onde querían tirar, e a Xunta o que fai e informar que a planificación vaia por onde ten que ir.

Conclúe dicindo que estas declaracións son o mesmo de sempre, dicir que en tres meses, en seis, en dous anos, o Plan estará feito, crear unha comisión especial, etc., pero, pregunta, como se van conseguir os apoios dos demais grupos se non se fala de criterios. É ao revés do que dixo, é a Xunta a que impón un determinado modelo a Cambre.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o Plan xeral presentouse na Xunta polo goberno anterior, o modelo é do equipo de goberno, e se non o sabe é porque na comisión informativa non se decatou. O modelo proposto fíxoo o Concello de Cambre, non a Xunta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se decatou perfectamente pois non faltaron ás comisións informativas de Urbanismo. Acúsalles de que non expuseron nin unha soa liña de actuación, nin esquema de traballo, nin modelo. Poden telo, ou sabelo outras persoas, pero ata agora só sairon plans sectoriais para facer os impactos medioambientais, etc.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non dixo que non se decatara. Ata agora o que hai son informacións previas para elaborar o plan. Despois xa se formulará o modelo e o demais.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que non se pode dicir que a Xunta asumiu o modelo urbanístico suxerido por Cambre. Sería terrible que a Xunta o tivera asumido.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que dixo que o modelo foi o proposto polo equipo de goberno.

2ª No pasado mes o BNG preguntou pola razón do atraso na conexión do saneamento de Aián. A resposta é que se estaba pendente de recibir un informe técnico do Concello de Culleredo (así o recolle a acta da comisión informativa de outubro).

Preocupados por este asunto, desde o gurpo municipal do BNG de Cambre dirixímonos ao goberno local de Culleredo para interesarnos por este asunto.

En que situación está a conexión da rede de saneamento de Aián ao colector do Valiñas?

Dona María Beatriz Ramos Padín failles entrega do orzamento, 74 282,80 euros. Son catro caudalímetros e licítarase mediante concurso ou poxa. O Sr. alcalde engade que se pedirán orzamentos a outras empresas, pois parece un orzamento moi elevado.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non pregunta iso. Refírese a que hai un mes se contestou que se estaba pendente de que chegara un informe do Concello de Culleredo. No Concello de Culleredo dixéronlle que Cambre ten que montar os caudalímetros cando queira. O alcalde de Culleredo díxolles que podía permitir que se enganche.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o Sr. alcalde de Culleredo asinou un convenio no que dicía que o Concello de Cambre debería respectar as condicións que se impuxeran polos técnicos de Culleredo, e o que contestan é coa entrega do orzamento elaborado pola empresa concesionaria, que parece elevado, e van a contrastalo con outras empresas do sector. O que está facendo o Concello de Cambre é respectar escrupulosamente o convenio.

3ª A celebración do magosto xuvenil, o pasado 17 de novembro, contou con grandes cambios respecto das anteriores edicións.

Que valoración se fai dende o goberno municipal da celebración deste ano, nomeadamente en relación cos cambios introducidos?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, pregunta que cales foron eses cambios, pois en liñas xerais hai moi pouca diferenza co anterior. O magosto xuvenil é organizado polas asociacións xuvenís, adóptanse os acordos por maioría e consensuouse todo. Conclúe dicindo que o concello non interveu en nada, senón que o que se fixo foi apoiar o proposto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que houbo dous cambios, que non van dicir que sexan malos ou bos, pero si son importantes, e aínda que é lexítimo facer cambios, chamaron a atención e algúns dixeron que non lles tiña gustado. Ata agora, segue dicindo, había unha certa práctica na non consumición de bebidas alcohólicas, e alí houbo un bochinche. Tamén eran actividades para xente máis nova, e este ano o que se fixo foi unha

verbena ao uso, que non é que digan que sexa bo ou malo, pero para os participantes novos foi un cambio negativo.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que as asociacións xuvenís foron as que acordaron e decidiron traer unha orquestra, pensando na xente maior, de 21:00 a 23:00 horas da noite, e despois, seguir co rock como todos os anos. É dicir, fixeron unha parte para maiores e outra para mozos.

4ª Diante das nosas preguntas sobre a situación do posible convenio coa Dirección Xeral de Xuventude para integrar a Cambre na Rede Galega de Locais de Ensaio para Xóvenes, ténsenos contestado que se estaba estudando que local ofrecer. Rematando xa o ano, desde o BNG reiteramos o noso interese por este asunto e preguntamos:

Como están as xestións diante da DX de Xuventude co fin de que Cambre entre, nun prazo razoable, na Rede Galega de Locais de Ensaio?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que están pendentes de escoller o local.

5ª Por decisión plenaria téñense creado varias comisións informativas especiais. Estas comisións, logo do tempo transcorrido, non funcionan ou cando o fan son totalmente inoperativas. Son os casos da especial do AVE, da de participación cidadá e comunicación, por non falar da de seguimento do Plan xeral.

Ten pensado o goberno municipal cumprir os mandatos do pleno respecto das encomendas para estas comisións informativas ou continuará desprezando a vontade maioritaria da corporación municipal de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que a idea é seguir cumprindo na súa totalidade o que se acordou no pleno.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que levan xa varios aprazamentos de reunións, e algunhas que se levaron a cabo son para perder o tempo, polo que os acordos non se cumpren, pois o que decidiu o pleno é que se creen para traballar.

6ª O 25 de novembro celébrase o día internacional contra a violencia de xénero. Por primeira vez en varios anos o Concello de Cambre deixou de facer actos de

sensibilización dirixidos ao conxunto da cidadanía. Mesmo unha declaración institucional, un bando ou a difusión a través dos paneis informativos electrónicos dos chamamentos á concienciación e a posturas activas contra esta lacra, non foron utilizados, e botáronse en falta, para que quedara claro o compromiso municipal neste asunto.

Por que razón, este ano, o goberno local de Cambre se desentendeu do esforzo de concienciación e difusión ao que estiveron comprometidas a maioría das institucións públicas en relación ao 25 de novembro?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, contesta que o 25 de novembro, como acto de solidariedade coas vítimas da violencia de xénero, puxeron un anuncio publicitario na prensa. Engade que, aínda que sexa o día 25 de novembro o día de concienciación e apoio, oxalá o foran os 365 días do ano. Segue dicindo que os días 5, 6 e 7 de novembro se fixo no salón de sesións un curso de violencia de xénero e, ademais, nos paneis luminosos se expón durante todo o ano o número de contacto, hai unha psicóloga que ven todos os mércores, e se fan actos todos os días do ano.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa o coñece e non pon en dúbida o dito, pero o que reclaman é que hai que aproveitar esa data para, ademais do traballo que se vaia facendo, facer un traballo de sensibilización social.

### **Preguntas de EU-IU presentados por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 13 369 o 24 de novembro actual, xunto coas mocións e os rogos.

1ª O mapa farmacéutico de Galicia deseñado pola Consellería de Sanidade, contemplaba a apertura de dúas novas farmacias no noso concello, máis concretamente nas parroquias de Cambre e O Temple. Tendo en conta o tempo transcorrido, e a demanda do mencionado servizo, sobre todo por parte dos veciños/-as da urbanización da Barcala:

Ten o goberno municipal realizado algunha actuación nos últimos tempos, para solucionar o problema?

Poden informarnos da situación de concesión e apertura de dúas farmacias no nos termo municipal?

Cales foron as xestións realizadas nos últimos tempos?

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que a primeira parte da pregunta está contestada. En canto aos outros apartados, hai tres oficinas de farmacia para Cambre. Dende o concello insistiuse en que se axilice o proceso, pero houbo 1.200 solicitudes en toda a Comunidade Autónoma, están resolvendo, e compete exclusivamente á Consellería de Sanidade, non só o tema concernente ás tres oficinas de Cambre, senón tamén as demais.

2ª No pleno municipal do mes de xullo, o noso grupo presentaba unha iniciativa para dotar dun espello o lugar do Souto, na confluencia da estrada Pravio-Cela; co fin de incrementar a seguridade para a circulación.

Transcorrido un tempo mais que prudencial:

- En que situación se encontra o estudo para a colocación do espello?
- Existe algún informe en relación ao tema?

Don Luis Miguel Taibo Casás aclara que se colocou o martes pasado e pregunta por que se instalou outro espello noutro sitio sen demanda, cerca de aquí, concretamente cerca do Cruceiro de Cela, pois non lle ve sentido e tampouco o ven os veciños, pregunta se foi un erro.

Dona María Beatriz Ramos Padín contesta que preguntará á Policía.

### **Preguntas do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistradas de entrada ao n.º 13 333 o 23 de novembro actual.

1ª Despois de varios anos de ter instalada a rede de saneamento en diversos lugares das parroquias de Sigrás e Anceis, e de que os alcaldes de Cambre e Culleredo asinaran, pouco tempo antes das pasadas eleccións municipais, un protocolo para a posta en servizo destas instalacións tan importantes para os veciños, e mesmo para o río Valiñas, ¿en que data poderán os veciños enganchar a este servizo?

O Sr. alcalde contesta que a idea é ver se se piden outros orzamentos ou adxudicalo no menor tempo posible.

Don Manuel Marante Gómez pregunta onde se van instalar os caudalímetros.

O Sr. alcalde contesta que todos en Sigrás.

Don Manuel Marante responde que entón se olvidan dos veciños de Altamira, que tamén terán que conectarse, pois ao mesmo tempo que se fixeron os saneamentos, tamén se fixo un en Altamira e está pechado esperando que se poidan conectar. Conclúe dicindo que hai que traballar con sentido, hai que instalar cinco caudalímetros e non catro.

2ª No polígono de Espíritu Santo está instalada unha antena de telefonía móbil, ¿conta esta instalación cos permisos necesarios?

Dona María Beatriz Ramos Padín contesta que, debido á falta de educación e respecto do Sr. Marante, contestaraa por escrito.

Don Manuel Marante responde que o que ocorre é que non queren que os veciños de decaten.

3ª Nestes intres, atopamos no noso concello obras con movementos de terras que carecen do cartel informativo. ¿En que fase das obras ten o promotor a obrigatoriedade da instalación deste cartel nun lugar visible e que medidas se están a tomar para o cumprimento desta norma?

O Sr. alcalde responde que a obrigación é unha vez que se teña dado a licenza de obra.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia